


A Fiestra do Illa



Luxin Zou


Redondela 2013 nº 14

LETRAS GALEGAS 2013

ROBERTO VIDAL BOLAÑO

Naceu en Santiago de Compostela en 1950 e faleceu na mesma cidade en 2002. É o autor ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas deste ano 2013.

Todas as súas actividades xiraron en torno ao teatro e a súa figura e a súa obra foron fundamentais na construción dun teatro nacional galego.



Formou parte do “Grupo Abrente” que a partir dos anos 70 actualizou as representacións dramáticas galegas. Creou o “Grupo Antroido” en 1975. Estivo na cooperativa “Teatro do Estaribel” e fundou a compañía “Teatro de aquí”, na que estivo nos últimos anos.

Xa na década dos 70 e 80 obtivo varios premios, pero cando chegou o seu recoñecemento foi nos anos 90 con varios galardóns institucionais.

Algúns dos premios recibidos son:

- Abrente (1976), con *Laudamuco señor de Ningures*.
- O Facho (1977). Mención honorífica con *Xáxara, Paniogas, Tarelo, o Rapaz e o Cachamón ou trocar en rato pequeno o meirande xigantón*.
- Abrente (1978) Mención Especial (*Memorias de mortos e ausentes*).
- O Facho (1979) Mención honorífica con *Ruada das papas e do unto*.
- Abrente (1980), con *Bailadela da Morte Ditosa*.
- Medalla de ouro (Premio cidade de Valladolid) (1983-1984) por unha adaptación teatral de textos de Xosé Luís Méndez Ferrín.
- Premio Álvaro Cunqueiro.
- Premio Xacobeo (1992).
- Premios Rafael Dieste 1992 e 1997 da Deputación da Coruña.
- Premio María Casares da AAAG en catro ocasións (1998, 1999, 2001 e 2003).
- Premio Maruxa Villanueva (2001) do concello de Padrón.
- Premios Max de Teatro (2001) (mellor texto de teatro en lingua galega pola súa obra *Criaturas*).



É o dramaturgo galego coa obra máis extensa, pero non só radica a súa importancia na cantidade de obras escritas, senón tamén na súa calidade, podendo dicir que é un dos dramaturgos europeos máis importantes de finais do século XX.

A súa produción está caracterizada polo compromiso co país e coa lingua (é un escritor monolingüe), coa experimentación estética e co respecto pola tradición tanto culta como popular. Os seus temas fundamentais son a derrota e a crítica da modernidade. Cultivou tamén o teatro histórico arredor da figura de Rosalía de Castro, Otero Pedrayo ou Cunqueiro e unha das súas maiores influencias foi a do teatro de Valle Inclán. Nas súas obras destaca igualmente o diálogo co público.

Vidal Bolaño dominaba todas as facetas teatrais: foi actor, director, escenógrafo e iluminador, mais, fundamentalmente, é un extraordinario escritor que foi quen de describir o seu tempo mediante a obra dramática.

Algunhas das súas obras son:

Teatro

A burla do galo.

Anxeliños.

Criaturas.

Días sen gloria.

Laudamuco, Señor de Ningures.

Saxo tenor.

Ensaio

Perspectivas do teatro galego actual

Colectivas

O circo de medianoite; Maremia; Actas escuras, con M. Lourenzo e E. Ruibal.

Daquel abrente, con Francisco Taxes (2003, Xunta de Galicia)

Animaliños, con Luís Alonso Girgado (2003, Follas Novas)

O MAGOSTO

O OUTONO EN GALICIA

“Nesta paisaxe pintada polo outono e cuberta moitas veces por un ceo embazado, sobe dereito o fume dos magostos. (...)



Ásanse as castañas na fogueira, as pobres castañas, que caeron desde a boca pasmona dos ourizos, para morreren “no lume” coma se fosen bruxas endiañadas (...)

Agardan os mozos e as mozas, namentras arde o lume, e rin e falan e cantan; e una cántiga vai dereita a un corazón, outra cae ós tombos polo monte embaixo, e outra aínda, queda presa nos pinchos dun toxo.

As castañas asadas son doces, e o viño novo ten agulla. Entran as mans na borralla da fogueira, e apañan os bulletes que arden; e o vaso no que deita a bota o viño roxo, vai cheo e volve baleiro.(...)

Morreron as castañas queimadas no lume, a bota está xa sen folgos e o garrafón non pesa; mais, aínda derredor da cinza da fogueira sen lume, estoupan as risas nas gorxas novas.

Dirédesme que os follatos murchos das viñas son sinal da morte que o inverno trae consigo. Dirédesme que o magosto é o final do froito dos castiñeiros; e teredes razón; mais teredes que confesar que as viñas trocadas en xardín son ben belidas, e que as castañas se queiman entre risas e entre amores. Porque na nosa terra, astra a morte ten engado.

E se non o credes, vinde ver a Galicia, no mes de San Martiño.”



Florentino L. Cuevillas: *Prosas galegas*, 1948



No noso magosto asamos e comemos castañas, pero ademais, e coma todos os anos, o alumnado participou nun campionato de xogos populares. Coas carreiras de sacos ou o tiro da corda recuperamos os xogos tradicionais e ao mesmo tempo fomentamos a práctica deportiva ao aire libre e o compañeirismo do equipo.







DRAMATIZACIÓN DE CONTOS DE MEDO



Ademais o alumnado de primeiro fixo unha dramatización de historias de medo. Coa súa profesora Rosa adaptaron lendas celtas e contos tradicionais de medo

para presentarlles aos seus compañeiros. Esta actividade gneádrase na celebración do Samáin, unha festa moi unida aos magostos.



RECITANDO A CELSO EMILIO

Neste ano 2012 cumpriuse o centenario do nacemento de [Celso Emilio Ferreiro](#).



Co gallo da celebración deste acontecemento e para homenaxear a este persoeiro das nosas letras, o alumnado redondelán reuniuse na alameda da vila para dar lectura a un dos seus poemas máis coñecido.

Presidindo o acto desde o seu pedestal, o gran

[Castelao](#) non perdeu ollo do recitado coral que fixo o alumnado, e ben seguro que lles deu a súa compracente aprobación co desexo de que os versos do poeta celanovés non caian no esquecemento.

Tampouco nós queremos que ningúen os azos galeguistas que nos transmiten estes dous persoeiros, nin devale o seu pensamento por estar arrombado nas bibliotecas. Desexamos que estea presente e saia á rúa cos nosos mozos.

Celso Emilio naceu, como se dixo, en 1912 en Celanova. Desde moi mozo estivo relacionado co nacionalismo galego, desde os anos 30 estivo afiliado ás Mocidades Galeguistas,

comezando así unha actividade literaria e política que nunca se separaron xa que tiñan un obxectivo común, que non é outro que o compromiso co país.





O poema recitado leva por título “Deitado fronte ao mar...”, pero tamén se coñece polo verso que lle dá inicio “Lingoa proletaria do meu pobo”. É, sen dúbida, un dos poemas máis coñecidos do seu libro *Longa noite de pedra* (1962). No poema están presentes os temas

que lle dan vida ao libro: a actitude solidaria cos que sofren a inxustiza e o compromiso coa clase traballadora e a súa lingua.



Lingoa proletaria do meu pobo
eu fáloa porque sí, porque me gusta,
porque me peta e quero e dame a gaña
porque me sai de dentro, alá do fondo
dunha tristura aceda que me abrangue
ao ver tantos patufos desleigados,
pequenos mequetrefes sin raíces
que ao pór a garabata xa non saben
afirmarse no amor dos devanceiros,
falar a fala nai,
a fala dos abós que temos mortos,
e ser, co rostro erguido,
mariñeiros, labregos do lingoaxe,
remo i arado, proa e rella sempre.

Eu fáloa porque sí, porque me gusta
e quero estar cos meus, coa xente miña,
perto dos homes bos que sofren longo
unha historia contada noutra lingoa.

Non falo pra os soberbios,
non falo pra os ruís e poderosos
non falo pra os finchados,
non falo pra os estúpidos,
non falo pra os valeiros,
que falo pra os que agoantan rexamente
mentiras e inxusticias de cotío;
pra os que súan e choran
un pranto cotidián de volvoretas,
de lume e vento sobre os ollos núos.
Eu non podo arredar as miñas verbas
de tódolos que sofren neste mundo.

E ti vives no mundo, terra miña,
berce da miña estirpe,
Galicia, doce mágoa das Españas,
deitada rente ao mar, ise camiño...

Despois de catro anos temos que deixar esta illa que nos deu tantos momentos grandes e momentos irrepetibles que quedarán sempre na nosa memoria.
 Nonca te esqueceré
 Voume pero non te deixo
 Pois estarás pra sempre no meu corazón
 Adeus miña illa querida
 Adeus para sempre, adeus!
 IES ILLA DE SAN SIMÓN
 UN LUGAR IRREPETIBLE
 Eva Taibo
 4ºB

AS DÚAS ILLAS

Un mariñeiro do meu tempo contoume unha historia que nunca souben se certa ou amañada.

Este home viaxado seica estivo en dúas illas moi parecidas en poboación, recursos e mesmo na paisaxe e clima.

Contou que estando atracado por alá, falando con algúns vellos do lugar decatouse de que, ao parecer, eran moitos os que xa deixaran de traballar. A poboación deixara de medrar e agora había menos traballadores e máis vellos descansando.

Supoñamos estas dúas illas co mesmo número de habitantes e repartidos igualmente entre vellos, mozos e nenos. Nas dúas a poboación de xubilados era a mesma, pero non a que traballaba.



Nunha illa dedicábanse a facer enxeños electrónicos, motores de última xeración, programas informáticos de múltiples usos e dedicábanse tamén á unha agricultura moi especializada. Gran parte da xuventude empregaba anos na formación e non empezaba a traballar ata máis alá dos vinte e tantos. Dos habitantes en idade de traballar só traballaba a terceira parte.

Na outra illa o traballo era sobre todo na agricultura pero sen tanta tecnoloxía e con moita man de obra. A xuventude comezaba a traballar aló polos dezasete anos e case toda estaba empregada.

¿En que illa disporán de máis recursos para os xubilados?

¿Quén aporta máis á sociedade (sociedade xusta) un enxeñeiro ou catro xornaleiros?

Non che son moi espabilado, pero o pleno emprego nunha sociedade cunha poboación nova, non garante a sustentabilidade do sistema de pensións mellor que outra envellecida a non ser que as achegas sexan máis altas e iso non está garantido polo número de traballadores senón polas plusvalías xeradas.

100 xornaleiros agrícolas que acheguen á seguridade social un 10% do soldo poden contribuír moito menos que 25 programadores de software ou arquitectos, por non dicir futbolistas. Porque coa cotización de Messi deberíamos ter para uns centos de pensionistas con que só aportara un 5% do seu soldo (bruto).

De que depende pois a viabilidade do sistema de pensións: ¿do número de traballadores ou das plusvalías que xera?

Soldos miserables, recadación miserable e pensións miserables. Por certo, ¿canto durou o baby boom?. Porque pasadas estas xeracións o equilibrio demográfico restablécese ¿non si?.

Asdo. Energúmeno Cabaleiro Mulas

ANPA**PAULINA****SÁNCHEZ****OTERO**

Subcampeonas deL Animadoras- Dance

2008-2009

Hoxe celebramos o fin dunha etapa especial na nosa vida, despedímonos de grandes amigos e profesores, desde aquí nós agradecemos o seu acompañamento

durante todos estes anos, que nos permitiu estar aí, e xa a punto de saír por ter cumprido o noso compromiso.



Na nosa memoria teremos, o día en que ingresamos neste maravilloso Instituto, cheos de emocións, curiosidades, nerviosismo, alegría.... Finalmente entramos para acompañar aos

nosos fillos, sen saber que moitos de nós compartiríamos grandes momentos durante tantos anos, algúns dos nosos compañeiros fóronse ao longo dese tempo por rematar a súa etapa, outros chegaron no transcurso destes catro anos, pero todos coincidimos ao sentir que cada unha das nosas vivencias teñen un toque especial e único, aqueles momentos de magosto, carnavais, etc. que apoiamos coa nosa colaboración sempre serán lembradas. Aos nosos pais asociados, grazas por escollernos para representalos neste Instituto, brindándonos todo o seu apoio, por permitirmos chegar a cada meta que nos trazamos e outorgarnos a oportunidade de axudar aos nosos fillos na súa educación e diversión escolar.

Dende 2009 compartimos con alumnos asociados:

Certames de Baile de Institutos: Chapela - Frexeiro - Floriani- Mendiño. etc.

Colaboración coa campaña de Unicef - Cáritas

Clases extraescolares de Animadoras

Balneario de Cuntis

Aquapark

Paseos a Museos: Marco - Pontevedra
Concertos en Santiago de Compostela
Concurso de relatos de Contos

Magosto

Entroido

Colaboración de recollida de alimentos: Sonrisas Compartidas Provincial

Campamentos ás Dunas e a Valcobo (A Coruña)

Viaxes a Salou

E moito mais....

Por último, queremos deixar unha mensaxe aos nosos compañeiros que quedan no colexio, que aproveiten esta oportunidade de acompañar neste magnífico Instituto, coa vosa colaboración, os seus fillos, porque os anos dos nosos fillos pasan voando e recorden: esta non é unha simple ANPA, é a nosa segunda casa, " ANPA PAULINA SÁNCHEZ OTERO"... que nunca remate!!!!

Recollida de xoguetes e alimentos 2013





Campamento de verán As Dunas – A Coruña



Saída de fin de curso Aquapark



Exhibicións de baile

Subcampioas de Aerodance Intercolexial 2010 - 2011





*Actuacion en el Centro Recreativo Redondela
Grupo de Aerodance de los Intitutos de Illa San Simon y Mendiño*

Curso 2009- 2010

Balneario Cuntis 2009 -2010





Clases Extraescolares Animadoras Dragons Girls

2011 - 2012:





Amor




Balonman



Claudia



Doce




Espazo




Feliz



Gañar



Honra




Imaxinación



Lingua



Música



Negro



España



Ollo



Paxaro



Querer



Risa



Soñar



Tempo



Unión



Vainilla



Xogar



Zafiro

Claudia González

IX CARREIRA SOLIDARIA

Coma todos os anos o IES Illa de San Simón celebrou a IX



Carreira Solidaria. Grazas a ela a ONG Save the Children obtén fondos para cubrir diferentes necesidades dos nenos

de países subdesenvolvidos, este ano destináronse a Níxer. Neste país moitos rapaces padecen desnutrición.



Como en todos os acontecementos do instituto a nosa titora Rosa comentounos o que debiamos facer: encher un cartón cos nosos patrocinadores.






Estes debíannos pagar unha cantidade por cada quilómetro percorrido, que no caso de 3º eran tres voltas na Alameda da nosa vila. Ademais dos "padriños" de cada corredor, había dúas empresas que patrocinaban a carreira. Eran BEGANO S.A. e FRUTAS NIEVES, que achegaron as bebidas e froita repartidas

entre os participantes.



Tamén sabiamos que había que deixar todo limpo, sen papeis dos dorsais, latas nin cascas da froita.



Chegou o día da carreira e notábase a presión. Moitas persoas tomaban a carreira como unha demostración de poderío, mentres que outras facían o só polos nenos e a ONG.

Antes de comezar a carreira fixemos unha volta de recoñecemento polo percorrido

trazado polo profesor Domingo. Primeiro foi a quenda dos de 1º curso, posteriormente os de 2º e despois nós e para rematar os de 4º. Entregáronnos os dorsais e comezamos. A medida que faciamos





o percorrido encontrabamos profes sacándonos fotos e animándonos. Pasamos pola meta dúas veces e xa estabamos desexando acabar. Por fin chegamos á meta rodeados de aplausos e cámaras. Como todos os anos despois da carreira déronnos un petisco, neste caso foi un plátano e un refresco. Participamos 253 alumnos. Despois de recoller todo regresamos á clase. Os días vindeiros todos levamos o diñeiro. Recadamos 626,15 €. Grazas a isto moitos nenos puideron paliar as súas doenzas e así levar a vida normal dun rapaz da súa idade.

Grazas a todos!!!!!!

Fernando Alfaya Salgueiro 3ºB



VISITA A EDUGAL II Salón de Educación e Formación de Galicia

O día 12 de abril fomos todos os de 4º a unha exposición chamada EDUGAL.



Sáímos do instituto acompañados de Manoli, a nosa orientadora, e de Carolina, a profesora de Lingua Castelá. Xa en Pontevedra, agardamos a nosa quenda e cando por fin nos deixaron pasar, entramos a un pavillón con varios postos nos que se explicaban diferentes opcións para continuar os nosos estudos.

Alí dentro deixáronnos ao noso aire para poder visitar o recinto e estar cos compañeiros do IES Floriani que tamén asistiron.

Atopamos postos de todos os ámbitos: militar, deportivo, audiovisual, artístico, tecnolóxico. E tamén había diferentes

actividades interactivas organizadas polos animadores como: duchiñas de amor, abrazos gratis e un mural onde deixar a túa sinatura.

A exposición contaba con postos de diferentes partes de España, non só de Galicia; tamén encontramos unha universidade de Portugal.


Á parte da visita didáctica algúns dos alumnos de 4º decidimos facer un Harlem Shake, un dos vídeos que se están a poñer de moda ultimamente. Para a nosa sorpresa tamén vimos facer outro aos animadores, aos que se lles uniu o noso compañeiro Jaime.

Volvemos ás dúas da tarde, despois dunha interesante visita e gozado dunha boa excursión.



Paula Couñago Lorenzo 4ºB / Alicia Cea Lago 4ºB / Jaime García Parente 4ºB


Amor




Batellón




Corrupción



Diaphragma



Estafa



Fraude




Gañán




Homosexual



Immigrar



lume



Porte



Naecer



Nandis



Operación



Patricia



Queimar




Rebelión



Solventar



Tratado



Unión




lbar



Xogar




Zig-Zag



Jaime 4ºB

LECTURA COLECTIVA DE CANTARES GALLEGOS



A [Asociación de escritoras e escritores en lingua galega \(AELG\)](#) promoveu unha serie de actos organizados por concellos e asociación culturais para celebrar o Día de [Rosalía de Castro](#) o 24 de febreiro, no que se conmemorou o 175 aniversario do nacemento da nosa autora. Entre as actividades propostas para celebrar este [Día de Rosalía de Castro](#) estaba a lectura do seu libro *Cantares gallegos*. Esta

lectura colectiva feita polo alumnado dos centros escolares de

Galicia tivo unha grande acollida. Os nosos alumnos e alumnas de primeiro, alentados pola súa profesora Rosa, quixeron participar e fixérono na [segunda lectura colectiva](#) recitando o prólogo da obra rosaliana.



O
M
N
I
R
I
O
A
O











ENTROIDO 2013



XIV CONCURSO DE CONTO

O xurado do décimo cuarto concurso de conto *A Fiestra do Illa* formado por membros da ANPA, de administración , profesorado do departamento de Lingua e literatura galega e membros do equipo de Normalización lingüística decidiu outorgar os seguintes premios:

1º premio: Alba Alonso Lorenzo de 1º A por *Consulta de contos*.

2º premio: Belén Ferreira Reguera de 1º A por *O home de negro*.

3º premio: Andrea Gamallo Cuervo de 3º A por *Porta Anier*.



1º Premio

CONSULTA DE CONTOS

E aquí me tedes sentado na beirarrúa fronte a onde estaba o meu traballo, a miña consulta de psicólogo. Deixádeme que vos conte a miña curta historia profesional atendendo a personaxes de contos. Non vou arranxar nada, pero axudárame a desafogar.

Cando rematei a miña preparación como psicólogo infantil, comecei dedicándome a atender rapaces de 1º de ESO, pero tiven que deixalo pois case me volven tolo.

Un día entrou pola miña consulta Carapuchiña Vermella. Oístes ben, a meniña protagonista do famoso conto ao que tamén dá nome. Tendo en conta a súa idade considerei que podía facer algo por ela.

-Que che pasa, Carapuchiña? - preguntei mentres se deitaba no diván.

-Pois que boto en falta o Lobo Feroz. –Espetoume de súpeto

-Como dis? Preguntei sorprendido.

-Que me aburro moito. Non teño amigos e as nenas da miña idade son moi sosas, soamente pensan en parvadas.

-Pero o Lobo tragoute enteira e á túa avoa tamén, esa non era unha relación sa. Era moi perigoso.

-Pero non era preciso matalo. Puidemos chamar a César Millán. Ese home fai milagres cos cans e os lobos son coma os cans, un pouco máis grandes.

Aquela conversa surrealista durou bastante, pero serviu para decatarme de que dentro dos personaxes dos contos tiña que haber moitos posibles pacientes, tendo en conta as vidas tan enrevesadas que levan. Odios, amores, envexas intensas, todo levado ao extremo. Era un filón para un psicólogo.

O certo é que a Carapuchiña axudou a facer publicidade e non tardei moito en ter selecta lista de pacientes formada por: princesas, cabaleiros, ogros e todo tipo de bestas, iso si, todos personaxes de conto.

Á forza de ser sincero dábaseme ben; solucionaba os seus problemas e eles, sobre todo os da realeza, pagábanme moi ben. A miña reputación medraba ao mesmo ritmo cá miña conta no banco.

O tema é que todos os meus pacientes estaban progresando moi ben, exceptuando un pequeno grupo que non avanzaba como debería. Polo que decidín facer unha sesión de autoaxuda. Por este motivo propúxenme reunilos a todos para que contaran as súas vivencias para probar se o escoitar as historias dos demais lles servía de axuda. E alí estaban todos: Cincenta, A Sereíña, o príncipe da Bela Durminte, o Gato con Botas e o Rato Pérez (aquí podía haber problemas).



Estaban todos sentados arredor dunha mesa pequena na que había auga e moqueiros de papel. Aquilo prometía.

Comezou a falar Pérez, o rato que colle os dentes dos nenos de debaixo da almofada e deixa unha moeda.

-Teño un problema moi gordo. Comezou - Xa non quero coller máis dentes de nenos. Danme noxo, nin se sabe a cantidade de trapalladas

que os nenos meten no papo e o cepillo de dentes algún non o ve nin en foto. De verdade que estou farto. Cada vez que un neno perde un dente é un drama para min.

-Pero como puido ocorrer?- pregunteille

-Vostede non sabe o que é estar toda a vida collendo dentes dos nenos. Teño pesadelos cos dentes , é horrible. Os dentistas gañan o que gañan por algo. Pouco pagados están!

-Tranquilo. Ao mellor escoitar os teus compañeiros , sérveche de axuda , ou algún che dá un consello.

Seguidamente falou o gato, o famoso Gato con Botas.

-Non podo máis. Estou farto destas botas. Non podo quitelas en ningún momento. É un tormento.

-Pero esas botas fano diferente. É un gato famoso. Non se sente especial, un afortunado? -Apuntei.

-Famoso tamén é Garfield, e el non ten botas. Ás gatas non lle gustan as botas. Intentei ir detrás delas e non fun capaz de alcanzalas, nunca puiden ter noiva.

-Non será para tanto!- Exclamou a Sereíña. -Ter parella non sempre é o mellor.

- Sempre é mellor que estar só. -Dixo o gato.

- Vouvos contar a miña historia- continuou a Sereíña- a ver se segues pensando o mesmo. Como saberedes deixei a miña familia no fondo do mar porque me namorei dun príncipe. E el tamén de min. Ou iso parecía. Realmente o noso matrimonio foi unha pantalla para ocultar as súas verdadeiras tendencias. Gustábanlle os homes máis ca a min.

-O príncipe era “gay”?-preguntei sorprendido.

-Moi, moi “gay”. Como é normal, o noso rematou rápido. El quedou co xardineiro e eu cunha depresión. E aínda por riba un dragón que se perdeu, Deus sabe de que conto! namorouse coma un tolo de min. E claro, como suspira acaloradamente por min vai prendendo lume por todas as partes para demostrarme o ardente que é. Ten un perigo que dá medo.

-Dende logo iso é un verdadeiro problema – compadeceuse Cincenta- escoitade o meu caso. Pois coma ti, comezou de forma prometedora e a cousa complicouse moito.

-Que queres dicir?. Preguntei

- Aquel home que me namorou, -comezou- e que tanto me buscou, era fermoso, atento, amable, etc., pero pouco a pouco foi cambiando. Só comía perdices, bebía cervexa cos amigos e burlábase de min porque dicía que cada vez estaba máis gorda polos embarazos. Para rematalo el está máis gordo, pero segundo di, el está forte e eu estou fofa.

- Rompeuse a maxia do amor- Dixo o príncipe da Bela Durminte-. A min pasoume o mesmo.

- Tanto cambiou a Bela Durminte?-preguntei.

-Non a verdade é que máis ben todo o contrario. A cousa é que a miña amada sofre narcolexia. Queda durmida en todas as partes e en calquera circunstancia. Ás veces estou bicánda e de súpeto empeza a roncar, ou comendo nun restaurante e sen darse conta queda durmida encima do prato da comida ou na torta. Estas cousas acaban con todo o romanticismo que poida haber nunha cea e nunha parella.



De súpeto escoitamos berros que viñan da rúa e vimos fume que entraba por debaixo da porta. Saín pola fiestra e alí estaba o dragón da Sereíña. Plantara lume na planta baixa e o edificio ardía por todas partes. Saímos como puidemos, todos ilesos.

E aquí estou, sentado na beirarrúa, diante do edificio onde estivo a miña consulta, todo queimado polas lapas provocadas por un dragón namorado. Para volverse tolo! Ou non?

Sergio Taboas 4º B



Apoio



Breogán



Celtas



Diaño



Emigración



Fogar



Galiza



Humanos



Intres



Liberdade



Marea



No's



Ñu



Onda



Panxoliñas




Queixo



Resistencia



Sobres



Traballo



Unión



Verdade



Xentilicio



Zurrichote

2º premio

O HOME DE NEGRO

5 de marzo

Querido diario:

Hoxe tiven un exame de naturais e outro de sociais. Saíronme moi ben.



E meu irmán pequeno, que ten tres anos, fixo un debuxo do que se supón que é un can perseguindo a un gato, e que logo me regalou. A verdade é que se pode distinguir o can do gato, pero fixándote moito.

8 de marzo

Querido diario:

Teño unha nova amiga. Chámase Jane e é a curmá de Marián. Veu de Estados Unidos e vai estudar con nós, na nosa clase. Coñece pouco o noso idioma, e por iso lle temos que axudar un pouquiño cos deberes. Pero é moi lista e tamén moi divertida. Tiveron que vir vivir aquí polo traballo do seu pai, que ten un cargo importante no goberno.

É máis baixa ca min, ten o cabelo louro e os ollos azuis. É moi guapa e simpática. Eu penso que imos ser boas amigas.

9 de marzo

Querido diario:

Meu irmán díxome que ten unha nova noiva, que se chama Noa. Parece moi contento.

Hoxe pasoume algo moi estraño: estaba saíndo do colexio, e pareceume que alguén me observaba, pero virei a cabeza e non vin a ninguén.

Ao mellor é o cansazo dos exames, nos que, por certo, teño un notable en naturais e outro en sociais.

12 de marzo

Querido diario:

Estou comezando a preocuparme de verdade. Esta vez vin algo parecido a unha sombra, que se moveu moi rápido e non puideron identificar. Pero parecía un home e ía vestido de negro. Non sei quen podería ser ... E tampouco sei por que me fai isto... Nin que fixen eu. Outra cousa: meu irmán cambiou de noiva. Agora chámase Daniela. Ata me ensinou a súa orla para que as vise a ela e a Noa! A verdade é que son dúas nenas moi guapas, aínda que seguro que xa cambia outra vez, e seguro que é moi pronto ...

18 de marzo

Querido diario:

O dito, meu irmán cambiou de noiva. Valeria chámase agora.

Hoxe vino con claridade. Era un home novo, co pelo escuro e lentes de sol negros, e si, ségueme. Vino ao saír do colexio, estaba detrás dun coche, observándome fixamente. Cando as miñas amigas me preguntaron se me atopaba ben, porque estaba moi pálida, virei a cabeza para dicirlles que si, que estaba ben, e cando volví mirar ... o home xa non estaba!

20 de marzo

Querido diario:

Hoxe volveu pasar. Saímos do cole, coma sempre, Marián, Jane e máis eu. Iamos falando do exame de mates que imos ter mañá. Un rapaz que viña correndo cara a nós tropezou contra min e tiroume os libros. Cando os recollía mirei atrás e alí estaba, de pé, a uns pasos de nós. Era un home moi alto e forte, totalmente vestido de negro, cuns lentes que non deixaban verlle os ollos. Tiña as mans cruzadas diante do seu corpo, moi serio, e non me quitaba ollo.

Non quería que as miñas amigas se preocupasen, así que terminei de recoller e seguimos camiñando para á casa. Marián ía botando pestes contra o rapaz que me tirara cos libros, e a Jane facíalle graza mirar á súa curmá tan anoxada.

Cada pouco, eu miraba disimuladamente por riba do meu ombreiro, para comprobar se o home nos seguía. As miñas pernas tremían de tal maneira que ata me custaba camiñar.

Chegamos á miña casa. Coma todos os días démonos unha aperta. Polo rabo do ollo puideron comprobar que el nos seguira e se parara uns pasos atrás, arrimado a unha árbore. Entrei correndo no portal, chamei o ascensor e subín á miña casa. Corrí cara á ventá. Por máis que mirei non había ninguén, nin na árbore nin na beirarrúa ...

Fun cara á cociña, e entón escoitei unha chave dentro da pechadura. Metinme debaixo da mesa, esperando que non me atopase alí. Uns pasos íanse achegando lentamente cara á cociña. Dende onde eu estaba só podía mirar o seu pantalón negro e os zapatos da

mesma cor. Entrou na cociña, achegouse á mesa, uns sobres caeron ao chan e agachouse a collelos e entón ...

-Belén!- dixo meu pai- Que fas aí?

Meu pai! Confundírao co home que me seguía! “Estoume volvendo tola”, pensei.

-Nada papi, caeume o lapis e non o atopo. Vou ver se está no meu cuarto.

Teño que relaxarme e deixarme de parvadas. Seguro que non son máis que imaxinacións miñas.

21 de marzo

Querido diario:

Hoxe é sábado. Fomos á piscina, e meu irmán púxose a chorar porque non quería mollar a cachola. Meu pai levounos no coche. Estiven moi atenta, mirando todo o tempo para atrás dende o coche, pero non había nin rastro do home de negro.

Cando chegamos, a miña nai deixoume baixar á rúa a xogar con Xián e Xurxo, os meus veciños. Pasámolo moi ben os tres xuntos. Pero eu estaba un pouco asustada e vixiante por se aparecía o home. Non o vin. Isto confirma que é a miña imaxinación ...

23 de marzo

Querido diario:

Isto estase a poñer moi feo. Pero moi feo.

Estou segura de que ese home me vixía. Xa non teño dúbidas. Cando saín do colexio, estaba alí, na beirarrúa de enfronte.

As miñas amigas e mais eu empezamos a camiñar cara á casa, e o home cruzou a rúa e comezou a seguirme. Entón, como estaba moi asustada, deille no brazo a Jane:

- Lévala!

E botei a correr. Elas seguíanme, desconcertadas. Marián púxose ao meu lado, e Jane non era quen de nos coller. Chegamos á miña casa nun intre, e sen alento. Detrás de nós, o home dos lentes escuros tamén corría. Parou outra vez onda a árbore, e apoiou as mans nos xeonllos. Virou a cabeza e foi entón cando o vin: un aparato na súa orella cun cable que se metía por dentro da súa chaqueta negra.

Non me despedín das miñas amigas. O medo podíame, así que fun correndo ata o ascensor. Estaba no quinto andar, así que esperei que baixara. Achegueime á porta e

moi pouquiño a pouco abrina e metín un ollo pola fenda. Non vin a ninguén. Abrín un pouco máis, pola rúa ían Xurxo e Xián, dándolle patadas a un balón. Todo parecía moi quedo. Botei a cabeza fóra e vino. Mirei o seu lombo enorme enfundado no seu traxe negro. Ía seguindo as miñas amigas! E elas non sabían nada!

Empecei a gritar:

- Marián!!! Jane!!!

Pero ían moi lonxe e xa non me podían escoitar.

Por que fun tan parva? Por que non llo contei ás miñas amigas?

Empecei a chorar no portal e nese intre chegou o meu pai. Xa non calei máis. Conteillo todo:

- Hai un home alto con traxe negro perseguindo a Marián e á súa curmá! Ven, corre!

Amarreino dunha man e botei a correr detrás delas. Xa nos levaban moita vantaxe, así que non lle fixen caso ao meu pai que me quería facer parar:

- Espera, Belén, vólvemo contar. Que dis? Que home?

Eu seguía correndo, xa estábamos preto da casa de Marián. Ela e a súa curmá ían subindo as escaleiras da casa, collidas da man, e o home ía a dous pasos, detrás delas.

- Ese é papi, ese de lentes negros.

Miramos como Marián e Jane entraban na casa, seguidas do home. Entón foi meu pai o que correu, coma se o levara o demo. Chamou ao timbre e saíu o pai de Marián, e púxose a falar co meu pai. Os dous estaban rindo. E eu non podía entender nada.

Cando cheguei onda eles, explicáronmo: era o gardacostas de Jane. O seu pai recibira ameazas no seu país, e por iso toda a familia era vixiada moi de cerca, tamén Jane.

Entramos na casa, e presentáronnos. Sacou os lentes para saudarme. Tiña uns preciosos ollos verdes.


5 de abril.

Querido diario:


Hoxe fomos ao cine. Vimos unha de medo. Marián e Jane berraban. Eu non. Xa non teño medo porque sei que dúas filas máis atrás está o “meu” gardacostas de ollos verdes, e non vai deixar que nos pase nada malo ...






Amizade Balón Cóxegas Dependencia Engaiolar



felicidade Gargallada Hipocrisía Incrible Lígubre



Música Namorar Nãñaras Obxectivo Paixón



Quener Refuxio Sorriso Tolerancia



Unicornio Vergonia Xogada Zara pallada.

Cecilia Rodríguez

3º premio

Porta Anier

Apenas pasaran dous días desde que Xulio encontrara aquela carta que, sen dúbida, lle cambiara a vida.



Era xoves e Xulio decidira ir ao garaxe buscar o seu novo balón de baloncesto, para ir xogar cos seus amigos. Como se dunha intuición se tratara, Xulio, mirou cara o baúl que pertencía ao seu avó e que este sempre lle prohibira tocar. Canto máis lle prohibira o seu avó tocalo, máis era o seu desexo de facelo. Xulio non puido máis e decidiu que era a hora de abril, pois seu avó xa non estaba, desaparecera

había 5 anos por vontade propia, así que xa non tiña que facerlle caso. Xulio abriu o baúl e encontrou un sobre que tiña posto o seu nome, sorprendeuse moito, sentou nunha cadeira e abriu o sobre.

“Querido Xulio:

Cantas veces che teño dito que non toques o meu baúl? Por unha vez estou contento de que non me fixeras caso. O que che vou contar nestas liñas é totalmente certo e tes que me crer. Meu Xulio, canto te quero... Non sei cantos anos terás agora. Sei que probablemente me odiarás por desaparecer así, pero todo é por unha boa causa e despois de ler isto saberás por que foi. A causa da miña desaparición é Anier. Sei que non sabes que é Anier e que pensarás que estou tolo, pero le toda a carta ata o final.

Transcorrían os anos 50. Eu era un home guapo. Dedicábame a servir copas nun bar que me daba bastantes cartos para vivir, pero o meu soño era ser escritor. Un día, eu estaba moi frustrado, pois non tiña unha boa idea sobre o que escribir, así que decidín beber, pois din que as penas con alcol son menos penas. E alí foi onde o coñecín.

-Ola, matando as penas con alcol?

-Quen é vostede? –pregunteille ao descoñecido.

-Son Gonzalo, pero respóndame á pregunta por favor.

-Pois nada, tonterías. Quero ser escritor, pero non se me ocorren boas ideas. Por certo, eu son Fernando.

-Que me diría vostede se eu lle dixese que teño o que está buscando, é dicir, unha boa idea?

-Que quere dicir?

-Que teño unha historia que seguro que lle vai gustar e ademais é verdade...

-Explíquese mellor, que non lle entendo. –interrompeu.

-Que me diría se lle dixese que vostede e máis eu podemos ir a un novo mundo, que sei onde está e que poderá escribir sobre el?

-Se non estivese borracho diría que está vostede tolo...

-Voulle contar unha lenda:

Hai moitos anos, cando Zeus andaba polo mundo, creou un mundo paralelo a este, chamado Anier. Nel, todos os deuses vían cumpridos todos os seus desexos. Aquele mundo era idílico, pero pronto Zeus, cegado pola cobiza, desexou que aquele mundo só fose del e destruíuno.

-Quéreme dicir que ese é o mundo ao que me pode levar? Está vostede como unha regadeira.

-Mire, señorito Fernando, eu estaba tan sorprendido coma vostede cando o souben. –dixo tranquilamente.

-E como o soubo?. –griteille.

-Zeus aparecéuseme. Díxome que o meu cometido era ir a Anier, pois non se destruíra. -Eu pensei que estaba durmido. Díxome que viñese a este bar e que atoparía a un mozo chamado Fernando, de ollos verdes, pelo cobrizo e bastante guapo. Eu tremía co medo e el díxome que non era un soño e que fose a ese mundo contigo. Tamén me deu este colar.

O colar era de ouro, con forma da letra “Z”.

-Marche por aí! Déixeme tranquilo e vaia ao psiquiatra.

E deseguido marchei á miña casa. Cando cheguei ao meu cuarto case morro co susto.

-Ola Fernando, estábate esperado.

-Quen é vostede?

-Son Zeus. –dixo o home con voz moi grave- Vexo que acabas de coñecer a Gonzalo. Déixame dicirche que todo o que che contou é verdade.

-Ou sexa, que Anier existe?

-Claro que existe. Eu non minto e debes ir alí con el.

-Por que eu?

-Porque ti e mais el sodes os meus descendentes e debedes ir a Anier, así concedereiche os tres desexos que ti me pidas.

-Pero... iso é imposible...

-Cuestionas a miña palabra?, agora vai buscar a Gonzalo e el dirache como ir a Anier.

Saín correndo e volvín ao bar. Alí estaba Gonzalo.

-Créote!

-De verdade?

Zeus acábaseme de aparecer, agora dime como ir a Anier.

-O próximo venres haberá unha eclipse lunar, nese momento debemos estar no bosque, pois ás 16:00 aparecerá unha porta que nos levará a Anier.

-E que haberá alí?

-Non o sei. Teño medo.

-Eu tamén.

Transcorrían os días e rapidamente Gonzalo e mais eu fixémonos grandes amigos. Aos dous nos unía aquel segredo que nin o máis tolo do mundo crería. Contoume que o seu soño era ser arquitecto e que ese sería o seu primeiro desexo en Anier. O segundo sería ter moito diñeiro e o terceiro sería ser inmortal. Decateime do máis importante. Eu non tiña nin idea de que pedirlle a Zeus.

O venres as 15:40 atopabámonos no bosque. Foron os vinte minutos máis longos da miña vida. Ás 16:00 apareceu unha porta. Nin Gonzalo nin eu sabiamos que facer. Finamente Gonzalo decidiuse e abriuna.

Anier era o lugar máis fermoso que xamais vira. Vin fadas, trasnos, unicornios, fontes, toda natureza vizosa... Aquel lugar era perfecto.

-BENVIDOS AMIGOS. –escoitouse unha voz- SON ZEUS, COMO XA SABEDES, PODEDES PEDIR TRES DESEXOS. COMEZA TI GONZALO.

-Quero ser arquitecto.

-CONCEDIDO.

-Quero ter moitos cartos.

-CONCEDIDO.

-Quero ser inmortal.

-CONCEDIDO.

-AGORA É A TÚA QUENDA, FERNANDO.

-Eu quero visitar o futuro.

-CONCEDIDO.

-Escribir un libro.

-CONCEDIDO.

-Non sei máis, podo pedilo máis tarde?

-CLARO, TEDES TODO O TEMPO DO MUNDO, POIS ESTAREDES AQUÍ ATRAPADOS PARA SEMPRE. CAESTES NA MIÑA TRAMPA. A CAMBIO DE VÓS EU PODO SER LIBRE. VIVIREDES NESTE LUGAR ATA A MORTE.

-Que? –foi o único que puido dicir Gonzalo.

Sen pensalo dúas veces, boteime a correr e pensei o meu terceiro desexo.

-Zeus, quedame o derradeiro desexo. Quero saír de Anier.

Houbo unha forte explosión e de súpeto aparecín na miña habitación. Lograra escapar.

Co tempo decidín esquecer o acontecido. Non llo contei a ninguén. Logo, cos anos, coñecín á túa avoa e puiden esquecer todo, pero unha noite, hai xa uns días, soñei con Gonzalo. Fun un covarde. Salveime eu, pero non levei comigo o meu amigo. Decidín ir buscalo. Mañá haberá outra eclipse lunar. Agora xa sabes onde estou Xulio, e como atopaches esta carta, seguro que non volvín. Dille á túa nai e á túa avoa que as levo no corazón. Ensínalles a carta e o colar co “Z”, que tamén está no baúl.

Quérovos.”

Fernando

Xulio botouse a chorar, pero en vez de amosarlle a carta á súa nai, decidiu algo máis importante. Iría a Anier para salvar o seu avó.



A ILLA DOS LIBROS

Este curso púxose en marcha, cunha gran aceptación entre profesorado e alumnado, o club de lectura, o seu nome é “**A illa dos libros**”. A encargada de polo en marcha e coordinar as súas actividades é a profesora de Lingua e literatura castelá Carolina Durán. Comezouse alá polo mes de outubro recadando os membros que o



compoñen e ditando as normas polas que se rexe. Tamén se elixiu a mascota que o representa e, de entre todas as propostas foi elixida SAN SIMONIO da autoría de Miguel Couñago Bastos de 2ºB. Nas seguintes reunións decidiuse a estratexia de xuntanzas e os libros que se ían propor como lectura. De cada libro lido fíxose unha reunión de posta en común, nelas cada membro expoñía as impresións que lle causara.

Os libros dos que se fixo a posta en común foron:

MARINA de Carlos Ruíz Zafón.

A sinopse do mesmo é a seguinte

Logo de coñecer a Mariña, Óscar escapa do internado no que estuda en Barcelona. Os dous mozos séntense atraídos por certa historia que ocorreu moitos anos atrás. Así comezan a investigar e a tratar de descubrir o pasado nunha perigosísima aventura no medio da cal ata aparecer persoas xa falecidas. Só eles acabarán coñecendo que é o que pasou realmente, pero non o desvelarán a ninguén e...

O HOBBIT de Tolkien

Sinopse:





O libro cóntanos a aventura de Bilbo Bolsón, un hobbit que non mide máis de metro e medio, vive pacificamente na Bisbarra, nunha das terras máis tranquilas da Terra Media e a

súa máxima aspiración é gozar dos praceres sinxelos da vida, comer ben, pasear e charlar cos amigos mentres fuma unha boa pipa. Pero unha soleada mañá, Bilbo recibe a inesperada visita do mago Gandalf o Gris, que cambiará a súa vida para sempre. Con Gandalf e un grupo de trece ananos, Bilbo parte cara á Montaña Solitaria co fin de rescatar o valioso tesouro custodiado por Smaug o Dourado, un terrible e enorme dragón. Para alcanzar o seu obxectivo enfrontaranse a numerosos perigos e toda clase de aventuras que a Bilbo xamais lle pasaran pola cabeza e que o converterán no hobbit máis famoso do mundo. O que Bilbo non sabe é que o anel que encontrou no camiño será o principio doutra grande aventura, *O SEÑOR DOS ANEIS*.

O PRINCIPIÑO de Saint- Exupéry

Sinopse:

Este debe ser un dos libros máis lidos no mundo ou, polo menos, dos máis coñecidos. Saint-Exupéry escribiu este conto nun hotel de Nova York, e aínda que parece ser un simple conto infantil, é moito máis que iso. Porque, para ser certo, *O Principiño* é unha crítica a nós, os adultos e ao noso "estúpido" xeito de ver o mundo e a vida, a cal deixa de lado a sinxeleza e a imaxinación que caracteriza os nenos.

No libro o autor, un aviador, cae co seu avión en pleno deserto do Sahara. Mentres trata de reparar o seu aparato, aparece un neno que lle pide que lle debuxe un cordeiro. O autor aprende tamén que este «Principiño» vén do asteroide B 612 onde deixou tres volcáns e unha rosa.

Antes de chegar á Terra, visitou outros planetas e encontrou xente curiosa: un rei, un



vaidoso, un bebedor, un faroleiro e un xeógrafo... Na Terra ten podido falar cun raposo, que lle ensinou que para coñecer é necesario «domesticar», e que iso fai as cousas e os homes únicos. «O esencial é invisible para os ollos», di.

O último libro proposto para a lectura é *O ALQUIMISTA* de Paulo Coelho.

OS DE CUARTO DÉIXANNOS PERO... NON NOS ESQUECEN





V SEMANA DO LIBRO, A FESTA DAS PALABRAS



A V Semana do libro, a festa das palabras foi organizada pola Concellería de Cultura, as Bibliotecas municipais e o Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Redondela e tiña por obxecto achegar ao público diferentes iniciativas culturais que tiñan como nexos de unión o libro. Cada centro educativo recibiu unhas caixas cos libros

organizados por linguas, cos seus correspondentes rótulos, para seren expostos na biblioteca de cada centro.

Había libros en galego, portugués, castelán,



castelán, catalán, bable, éuscaro, aragonés e aranés. Tiñamos, pois, exemplares de todas as linguas peninsulares. O alumnado quedou impresionado de ver tantos exemplares xuntos de tan diversas linguas. Destacamos o interese que despertaron os cómics e os

vocabularios ilustrados en diferentes linguas. Tamén mostraron interese e curiosidade polos libros en éuscaro, dada a súa grande diferenza co resto de linguas expostas, todas elas románicas.



A MORODO



BELEZA



CUNCHA



DADO



ESHOLA



FOLLA



GORXA



HOME



ILLA



LINGUA



MÁDEIRA




NOME



ÑANDÚ



OSO



PETEIRO



QUEIXO



RODA



SOLTEIRO



TÁBOA



UN



VASOIRA



XANELA



ZAPATO

Sheyla 4ªA

Tesoiras estatais

Eu morrín. Si, morrín... Pero hai tempo, tanto tempo que case esquecín xa o que fun, o que era, o que son. E ao fin e ao cabo, a miña vida non foi tan mala. Fun nada en Prusia, co fin de controlar as masas, por orde da súa raíña. E é por iso que podería dicirse que o meu nacemento foi toda unha revolución.



Co paso do tempo crecín (como é normal), e estendín o meu control a todo o mundo. Cheguei a todos os países desenvolvidos e tecín sobre eles a miña rede. Por suposto, isto non puideron facelo soa... En todo momento tiveron xente que me axudaba e me apoiaba no meu camiño, tentando amosarme como un beneficio para o pobo. Xa chegando á madurez, a antiga idea de gobernos absolutistas á que eu ía asociada dende o nacemento (aínda que de forma secreta) soaba moi fea, e vin en perigo a miña vida.

Adaptarse ou morrer; ante a nova situación tapáronme cun longo vestido de seda, puxéronme unha máscara de carnaval e fixeron de min unha eminencia á que consideraban non só honorable e xusta, senón necesaria. Sen dúbida, eu seguía sendo a mesma e o meu obxectivo seguía sendo o mesmo que no momento do meu nacemento.

En múltiples países, moitos deles orgullosos do seu progreso e nivel de vida, acolléronme con calor e cariño. Foi nestes países onde comezaron a notar que eu non era unha princesa de seda. Intentaron cambiarme, intentárono por todos os medios, e ao final conseguírono en parte. Nestes países, eu xa non trataba simplemente de controlar as masas, senón máis ben de reconvertelas. Facer de todos os nenos e nenas que alí nacían unhas máquinas ao servizo dos intereses do estado, proletarios altamente cualificados fabricados para a competitividade e a cousificación. Analizándoo agora, penso que tal vez o único que fallaba era o enfoque, que non era exactamente o correcto. Tal vez me obcecaba en clasificar os homes e mulleres que xeraba baixo números baleiros, obrigando a todos a servir para todo. Pero como era de esperar, esta idea non foi a que se vendeu de min. Para o pobo xeral, eu era unha complexa ferramenta defensora da cultura e do saber... o futuro.

Así pasei a maior parte da miña vida, funcionando ao servizo dos estados baixo a miña máscara e o meu longo traxe. Tanto é que cheguei a pensar que a miña vida non atoparía fin nunca. Qué equivocada estaba! Xa cunha certa idade as miñas forzas víanse insuficientes para manter a fachada de defensora do saber, e aí chegou.

O meu maior tropezo, a miña fin! Eu sei que podía cambiar, seino. Sei que comezaba a avanzar. Cada vez acercábame máis á cultura e ao pobo, fabricando homes e mulleres autosuficientes e non escravos da produción. Podería ter logrado cambiar de non ter



falecido. Podería ter chegado ao enfoque correcto, a ser portadora do coñecemento e da sabedoría a partes iguais. Podería ter ido moi lonxe, pero non me deixaron.

Certo día produciuse unha caída da economía mundial. Comezaron tempos de miseria e, lentamente, as que eran coma min comezaron a caer. Primeiro foron as Prestacións sociais, logo a Sanidade Pública e logo, eu. Nun breve período de tempo, fun asasinada cruelmente, e o pobo ao que paseniño me ía achegando pouco fixo por axudarme. Acaso non eran conscientes de que comigo morría tamén a súa liberdade? Eu era esa oportunidade que os podía facer escapar por entre os barrotes do seu cárcere social e facelos voar en igualdade, ser libres, libres de verdade. Comigo todos aqueles que me deixaron morrer sen preocuparse o máis mínimo, chegarían lonxe, moi lonxe.

Sei que as cousas poderían ter sido distintas, eu tiña poder para levar a humanidade a un mundo libre. O pobo podería ter loitado por min, polos que eran coma min. Pero nada disto sucedeu, e é que o erro non estaba no sistema, senón no pobo.

Así que en lugar de alzarse, a manda de ovellas conformistas que eu maxistralmente creara e dispuxera de baleiros coñecementos sistemáticos, calou. Deixou que os seus dereitos e servizos falecesen lentamente e cando quixo abrir os ollos xa non tiña absolutamente nada.

Agora que xa son só un alma que vaga a través do tempo, e aínda que sei que fun tan apreciada como controvertida, volvo á época na que morrín cunha mensaxe clara:

O meu nome é Educación Pública.

Por favor, non me deixes morrer.

UNHA AVENTURA MARABILLOSA


Esta é a entrevista a Manoli, a orientadora do Illa, que este ano se vai. Con motivo da súa ida, fixémoslle esta entrevista para que todos coñezan un pouco máis a esta muller que a tantas persoas axudou, que a tantas fixo rir, e que moitos botaremos en falta.

1- Por que decidiches elixir esta profesión?

Gústame o contacto coa xente e, se pode ser, axudalos nos seus problemas. Por iso me segue a gustar aínda hoxe.

2- Que é o que máis che gusta de traballar co alumnado? Escoitalos e falar con eles.

3- Cal foi a maior satisfacción que tiveches como orientadora?



En xeral, que por facer o meu traballo me dean as grazas a diario.

Recordo unha vez, falando cunha nai, que o remate da entrevista pedíume que me levantara para darme unha aperta. Significou moito para min, e aínda hoxe me emocioño ao pensalo.

É un traballo con moitas satisfaccións. Profesores, alumnos e país danme as grazas.

4- Cambiarías algo do sistema escolar do noso país?

Si, moitas cosas. Por exemplo, poría máis materias prácticas. Ademais, faría un sistema que compensara as desigualdades sociais, xa que o ensino público está para iso. Moito din que somos centro de integración, porén non nos dotan para selo. Por último, potenciaría a diversidade nos centros.

5- Consideras que cos recortes de educación estamos saíndo dos colexios co mesmo nivel académico que hai algúns anos?

Eu considero que alumnos con necesidades educativas especiais están sendo peor atendidos pola falta de recursos e profesorado.

6- Que aprendiches dos teus alumnos?

Que hai que confiar neles, son persoas e merecen respecto. Quizais eles teñan un problema, e aínda que a nós nos pareza insignificante, para eles é o máis importante nese momento. Penso que hai empatizar con eles, e que ao longo do tempo funos entendendo mellor.

7- Que significa o Illa para ti?

Unha aventura marabillosa, que aínda que durara 14 anos, non estou aburrida dela.

8- Que compañeiros botarás máis de menos?

A todos en xeral, foron moi bos compañeiros. Esta é a illa onde encontrei o



maior tesouro, a amizade.

9- Cal foi o teu primeiro traballo?

En rehabilitación logopédica en “San Rafael”, en Vigo. Alí traballei 2 anos, facendo rehabilitación da fala, da voz e da linguaxe.

10- Cal foi o teu primeiro centro?

No Concello de Nigrán traballei 6 anos como psicóloga da ANPA en primaria. Despois traballei no IES Johan Carballeira en Bueu.

11- Que prefires, traballar en logopedia ou como psicóloga educativa?

Gústame máis traballar como psicóloga educativa, e a parte de orientación académica encántame.

12- Como eras como estudante? Moi empollona e responsable, nunca suspendín un exame.

13- Cal era túa materia favorita? Lingua castelá e despois historia da arte.

14- Que che gustaría estudar agora? Xornalismo e traballar na radio.

15- Que pensas facer agora?

Ir para outro centro a continuar o meu labor.

E así despedimos a Manoli, con tristeza no corazón, pero cun sorriso na cara ao saber que ela continuará o seu labor, facendo felices a moitas outras persoas.

SON UN ROMÁNTICO

1-Cales son os teus mellores recordos no Illa San Simón?

En xeral teño bos recordos do Illa, salvo algún momento, sobre todo no inicio no que os alumnos eran máis conflictivos. Ano a ano, isto foi mellorando moito.



2-Cales son os teus peores recordos no Illa San Simón?

Posiblemente cando voou o tellado do instituto, e coincidiu cando eu era director.

3-Poderíasnos contar algunha anécdota que che ocorreu no instituto?

Non recordo ningunha anécdota no meu paso polo instituto. Seguro que as hai, pero non me lembro.

4- Cantos anos levas dando clases no Illa San Simón? 15 anos. Escomecei co colexio vello e marchó co centro intacto.

5-Cal foi a túa nota na selectividade?

Tiñamos reválida en 4º de bacharelato, reválida ao rematar 6º, e probas de madurez no PREU. Aínda que escomezaba nesa época, de xeito experimental, o Curso de Orientación Universitaria (COU), non tiña selectividade.

6-Prefires estar como director o coma profesor? Gústame máis estar coma profesor, xa que me gusta moito o ensino.

7-Nos teus anos de estudo cal dirías que foi a túa materia preferida?

Ao principio gustábame moito física e química e matemáticas; por mor dun profesor, atravesáronseme as matemáticas, e por mor doutro, gustoume a historia.

8-Que tal a túa época coma director?

Ben, sen grandes problemas. Conteí coa colaboración inestimable dos meus compañeiros/as e fíxoseme moi fácil. Estiven 3 anos como director, e con anterioridade estiven 3 anos como xefe de estudos, nos inicios do Illa.

9- Levas bos amigos deste instituto?

Si, máis que compañeiros son camaradas, e nalgúns casos bos amigos.

10- Dende pequeno que desexabas ser? Arqueólogo, unha especie de Indiana Jones.

11- a) Que opinas sobre as medidas que está tomando o goberno sobre a educación?

Eu que vivín e me formei no franquismo seméllame unha volta a esta época por moitos motivos; competitividade, manipulación ideolóxica e relixiosa, segregación de sexos... en fin supón tirar pola borda 20 anos de esforzos por acadar un ensino universal e superador das diferenzas sociais, permitindo en



verdade unha mellor igualdade de opinións.

b) Cres que imos saír da crise actual?

Indubidablemente, non hai crise que mil anos dure. O que sucederá e que haberá que empezar de cero para acadar os mesmos niveis que se tiñan antes da crise en dereitos sociais, laborais, etc. Xa que esta crise non é só unha crise económica, senón tamén unha crise do modelo produtivo.

c) Que farías se estiveras no goberno?

Tal e como se presenta a práctica política, e tal como penso da mesma, sería imposible que me presentase por ningún partido político actual. E no caso hipotético de ser presidente do goberno, duraría moi pouco no cargo.

12-Que impresión pensas que teñen os alumnos sobre ti?

Mala, coma un profesor duro, esixente, autoritario, déspota, etc. Pero impórtame moi pouco.

13-Que é o que máis che gusta do teu traballo?

Traballar con mozos, por un lado permíteme estar minimamente ao día en certos aspectos culturais de actualidade, porque dos novos tamén se aprende moito. Pero por outro lado, prodúcame certa tristura, tal como xa dicía a poetisa grega Safo, ver como sempre estou con mozos da mesma idade e que cada ano eu son máis vello.

14-Cal pensas que foi a mellor época da historia, e en cal che gustaría vivir?

Dende logo das etapas contemporáneas, gustárame vivir na etapa da 2ª República, xa que me parece o período máis fecundo política e intelectualmente. De etapas anteriores, teríame gustado vivir en calquera momento anterior á aparición dos imperios (Hispania prerromana). Son un romántico.

15-Habería algunha cousa nova que che gustaría aprender?

Gustárame aprender moitas cousas, sobre todo algún idioma, algunha faceta artística, etc.

Proxectos estruturas Curso 2012/2013

Como todos os anos os rapaces e rapazas do Illa, ensínannos as súas maquetas e ata pequenos monumentos do traballo levado a cabo ao longo do curso, nas clases prácticas no taller de tecnoloxía.



Curso: 2ºESO **Grupo:** B **Nomes:** Yaiza Alfaya, Javier Muras, Yaiza Borrega, Borja Alonso, Atenea Aguilar

Que proxecto fixestes? A Torre de Pisa

Por que o escollestes? Porque este proxecto aínda non o fixera ninguén e parecíanos unha estrutura moi bonita e interesante.

Explicade un pouco para a revista, cal é o proceso a seguir para a súa realización?

Imprimimos as partes da torre xa realizadas e despois cortámolas e pegamos formando a torre.


Pintamos cada parte da torre dunha cor para que fora orixinal.

E engadímoslle a paisaxe, formada por unha casa de madeira, árbores e as nosas fotos en miniatura.

Logo temos outro proxecto feito en madeira composto por unha rapaza, un gato e a paisaxe.

O máis positivo foi? Poder traballar en equipo cos compañeiros de clase.

Que dificultades encontrastes? As dificultades foron que a torre ao ser circular non a puidemos realizar en madeira e tivemos que facela en cartolina. Tamén nos resultou difícil inclinar a torre.



Curso: 2º ESO **Grupo:** A **Nomes:** Iria, Elisa, Pablo R., Rebeca, David R.

Que proxecto fixestes? A Torre Eiffel.

Por que o escollestes? Porque era un proxecto sinxelo e bonito.

Explicade un pouco para a revista, cal é o proceso a seguir para a súa realización? Primeiro fas o despece, despois coa madeira e as medidas recortas as pezas, pegas as bases, pegas os escarvadentes con moita paciencia e finalmente pintas cun spray da cor que queiras.

O máis positivo foi? Traballar en equipo, porque repartiamos o traballo por igual e foi moi divertido e entretido.

Que dificultades encontrastes? Pegar os escarvadentes porque hai que ter moita paciencia e é moi custoso.



Curso: 2º Grupo: **A Nomes:** Marta C., Alberto A., Carla, Eva L., Marta A.

Que proxecto fixestes? A grúa.

Por que o escolleste? Porque nos pareceu un proxecto bonito.

Explicade un pouco para a revista, cal é o proceso a seguir para a súa realización?

Primeiro hai que facer o despece sobre a madeira, cortar as pezas con seguetas, limalas con coidado, pegalas facendo que coincidan correctamente, facer os mecanismos para que xire e logo pintala e decorala.

O máis positivo foi? Poder facer un traballo en grupo no que todos colaborabamos.

Que dificultades encontrastes? Que ás veces, as pezas non coincidían e había que volver a facelas, rompían os pelos das seguetas, a pistola de silicona botaba silicona cando ela quería, as cores mesturábanse...



Curso: 2º Grupo: **A Que proxecto fixestes?** Todoterreo Hummer

Por que o escolleste? Porque nos pareceu interesante o proxecto e gustounos a idea de que puidese chegar a moverse.

Explicade un pouco para a revista, cal é o proceso a seguir para a súa realización? Unha das cousas máis importantes é a precisión á hora de cortar a madeira, xa que se non están ben as pezas, cando se pegan non é posible encaixalas. Despois, só temos que pegalas.

Que dificultades encontrastes?

Conseguir que as rodas se moveran polos arames que colocamos para suxeitalas.



Curso:2º Grupo:C Que proxecto fixestes? Torre Eiffel

Por que o escollestes?

Por que era un proxecto interesante ademais dun gran monumento terrestre.

Curso:2ºC Grupo: Marta, Carlota, Jose, Luciano y Jonathan.

Que proxecto fixestes? O faro.

Por que o escollestes? Parécenos algo característico de Galicia.

Explicade un pouco para a revista, cal é o proceso a seguir para a súa realización?

Primeiro: Facer a memoria, de modo que se saiban as medidas das pezas que se van utilizar.

Segundo:debuxalas na madeira,cortalas e pegalas.

Terceiro: pintar, retocar poñendo pequenos detalles e entregar.

O máis positivo foi?

A satisfacción de velo rematado despois de tanto esforzo.

Que dificultades encontrastes?

Organizarnos.

Curso:2ºA **Grupo:** Carmen, Manuel, Aitana, Loreto y Pablo Piedras.

Que proxecto fixestes? O faro.

Por que o escollestes? Porque en principio pareceunos fácil, despois foi un reto difícil.

Explicade un pouco para a revista, cal é o proceso a seguir para a súa realización?

Primeiro: Facer a memoria, cos debuxos, bosquexo, medidas, materiais,etc.

Segundo: debuxalas na madeira.

Terceiro: pintar, retocar poñendo pequenos detalles e entregar.



Curso:2B **Grupo:** Javier Vidal, Carlota, Yahara, José Manuel.

Que proxecto fixestes? Avioneta

Cal é o proceso a seguir para a súa realización?

Primeiro: fixemos o despece mirando a fotografía da avioneta.

Segundo: pasamos o despece á madeira.

Terceiro: cortamos e limamos as pezas.

Cuarto: pegamos todas as pezas menos a de arriba.

Quinto: puxémoslle o motor e a pila para que funcionase co interruptor.

E por ultimo pintamos a avioneta e o aeroporto




Curso:2 ESO B **Grupo:**Miguel, Juan Manuel, Ana Zhu, Alberto García, Iván Blanco

Que proxecto fixestes? Helicóptero con movemento


Cal é o proceso a seguir para a súa realización? Basicamente, non houbo proceso, fixemos as pezas coma un helicóptero, pero , a verdade, parécese pouco. Collemos un pequeno motor, fixémoslle aspas e a voar.

Que dificultades encontrastes? Ao acendelo, ás veces, as aspas saían disparadas e se a xente metía as mans rompía o circuito.



Proxectos 4º ESO

Proxecto dun relé (Iván e Jorge)



1-Que proxecto fixeches? Un relé

2-Que che chamou á atención deste proxecto?

Que unha pequena bobina de cobre esmaltado creara o suficiente campo magnético como para atraer un arame

3-Explicade un pouco para a revista cal é o proceso de realización.

Unha bobina atrae a un dos extremos dunha barra facendo que realice un contacto cun pedazo de cobre, o cal esta conectado a unha bombilla, producindo que esta acenda. A enerxía está subministrada ao circuíto por unha pila.

4-Que foi o máis positivo? Traballar ben en equipo co meu compañeiro de grupo.

5-Que dificultades atopaches? Ao facer a bobina, non conseguíamos que fose o suficientemente potente. O problema estaba en que tiña moi pouco cobre (poucas espiras)

6-Que aprendiches co proxecto? Que se poden facer proxectos moi interesante con material reciclado

Proxecto dun altofalante (Diego e Mathi)

1-Que proxecto fixeches? Un altofalante.

2-Que che chamou á atención deste proxecto?

Que funcionara ao primeiro intento, sen ningún retoque.

3-Explicade un pouco para a revista cal é o proceso de realización. Pois primeiro fixemos unha bobina de cobre, coa que imantamos unha agulla para que sexa atraída pola bobina, que fai a función de electroimán. A agulla é atraída dentro da bobina xerando un movemento de vaivén, que lle transmitirá este movemento á membrana, producindo



así a onda sonora. A membrana está feita cun cono de cartón, que se lle pegará a agulla. A bobina púsase sobre un pequeno soporte de madeira, que se mete na parte de abaixo dunha botella de plástico para potenciar o son.

4-Que foi o mais positivo?

Que nos saíu á primeira, sen ningún erro, e que aprendemos a traballar en grupo repartindo as tarefas.

5-Que dificultades atopaches? Facer que a agulla quedara ben posta na bobina, e esta, a súa vez, no soporte.

6-Que aprendiches co proxecto?

Que se poden facer todo tipo de proxectos con calquera material, e que saen e funcionan moi ben.

Proxecto dun altofalante (Núñez e Dopa)



1-Que proxecto fixeches? -
Fixen un altofalante.

2-Que che chamou á atención deste proxecto? -
Que cun material tan simple e reciclado, se poida facer un altofalante. É algo incríbel!

3-Explicade un pouco para a revista cal é o proceso de realización

-O material que fai falta é: media botella dun litro, fío de cobre, unha bobina pequena feita con cartón, tiras de cartón, arame, unha pila de petaca de 4.5V e cables para as conexións.

4-Que foi o mais positivo? -Traballar en equipo.

5-Que dificultades atopaches?

-Que a primeira metade de botella que fixemos era pequena, e tivemos que volver facer outra máis grande, pero polo demais foi todo ben

Proxecto dun altofalante (Gael, Pedro e Muíños)

1-Que proxecto fixeche? Fixemos un altofalante con materiais reciclados.

2-Explicade un pouco para a revista cal é o proceso de realización.

O que fixemos foi construír os compoñentes en primeiro lugar e despois montalos para fabricar o noso altofalante.

Para comezar, despedazamos o cartón para obter unha lámina fina coa que fabricar a membrana do altofalante.

Para a bobina fixemos un cilindro de cartón con dous topes aos lados e, despois, enrolamos ao seu redor 300 voltas de fío de cobre esmaltado deixando os extremos do cable pelados.

Recortamos tiras de cartón e pegámolos formando círculos para soste a membrana. A continuación imantamos a agulla grosa para pegala no centro da membrana (de forma circular).

Proxecto dun altofalante (Javi e Manti)

1-Que proxecto fixeche? Un altofalante

2-Que che chamou á atención deste proxecto? O son que fai.

3-Explicade un pouco para a revista cal é o proceso de realización.


Temos que facer unha bobina e darlle 250 ou 300 voltas con cobre. Temos que imantar unha agulla para colocala no interior da bobina. Fixemos unha base de

madeira. Recortamos 4 tiras circulares de cartón que irán colocadas arredor da bobina. Con cartón fino facemos un circulo que despois cortamos e dámoslle forma de cono. Este colocarase encima da bobina. E finalmente colocamos os cables e xa temos o altofalante.

4-Que foi o mais positivo? Que o aparello soa bastante ben.

5-Que dificultades atopaches? Non atopamos moitas dificultades.

6-Que aprendiches co proxecto? As ondas de son prodúcense pola vibración do aire que chega aos nosos oídos.



THEATRE IN ENGLISH



On May, 2nd, 2013 our students of 3rd and 4th year of ESO attended a comedy musical show, interpreted in English by

British performers.

The title of the comedy was 3-D-EVOLUTION. The story takes place in The London Olympics, in 2012. The owner of an old fashioned cinema decides to modernise it with the latest in technology to show the Olympics, live and in full 3D, to the millions of international tourists that are visiting London. However, something is wrong and the computer that controls everything, behaves in a strange way.

When the "computer engineer" arrives at the cinema to solve the problems, a whole series of misunderstandings and hidden secrets will make opening the cinema almost impossible.

They have to broadcast the games so they need the help of our students to beat the computer. The journey towards the solution leads the characters into deeper entanglements, but the conclusion ends up happily.



Apart from the experienced British actors we want to highlight the great performance of several of your classmates that showed their great acting talent arousing funny moments. They played several roles, such as a T.V. host (Andrés), an American athlete (Paula), an assistant (Daniel and Miguel) and an Italian synchronized swimmer (Mathias).

The positive audience participation resulted in that we all, teachers and students, had a really great time!

Some English tongue-twisters

How good are you at pronouncing these without twisting your tongue as in the picture?:

*Peter Piper picked a peck of pickled peppers;
A peck of pickled peppers Peter Piper picked;
If Peter Piper picked a peck of pickled peppers,
Where's the peck of pickled peppers Peter Piper picked?*

**She sells seashells by the seashore,
The shells she sells are seashells, I'm sure.
So if she sells seashells on the seashore,
Then I'm sure she sells seashore shells.**

**Denise sees the fleece,
Denise sees the fleas.
At least Denise could sneeze
and feed and freeze the fleas.**

*I wish to wish the wish you wish to wish,
but if you wish the wish the witch wishes,
I won't wish the wish you wish to wish.*



How many cookies could a good cook cook if a good cook could cook cookies? A good cook could cook as many cookies as a good cook who could cook cookies.

O MEU ILLA

Do I.E.S Illa de San Simón podería falarvos calquera alumno deste colexio, mais do que eu vos quero falar é do meu Illa, de como o vivo eu e de como é para min, do que máis



me gusta e do que non me gusta tanto:

Do Illa gústame a miña clase, os meus compañeiros, as bromas que nos facemos entre nós, gústame marchar de excursión e perder clase, os recreos que me paso sentada no banco da entrada, todas as nosas obras de arte que están colgadas nos corredores, as clases de relixión, as prácticas

de laboratorio en física, as horas de taller en tecnoloxía, as risas, as festas, o carnaval, que o noso titor Domingo se disfrazara connosco, o magosto, os campionatos de atletismo, as clases de plástica, as nosas horas libres de rexouba, as festas que nos montamos no vestiario de ximnasia, gústame a cafetería, as paredes de azulexos pequenos que recordan as de un baño, os cambios de clase, os meus profes... como non (tiña que dicilo), e de seguro que me esquezo de milleiros de cousas máis que me gustan deste colexio.

O que non me gusta, pois que dicir, realmente do Illa non hai moito que non me guste do único que me podería queixar e do mesmo que se poden queixar todos os alumnos do mundo, madrugar, ter clase pola tarde, os exames, estudar...

Levo 4 anos neste instituto e parece mentira que xa remate, se me paro a pensalo parece que hai nada aínda estaba entrando por primeira vez, cagada de medo, pero como xa sabemos todo remata e a etapa do Illa rematou para min, agora o que toca é un novo colexio, novos compañeiros... Os meus anos no Illa foron do mellor e levo un gran recordo, grazas aos meus compañeiros, aos meus profesores e... grazas e ata pronto.

Son Alba e estou na clase de 3º B do IES Illa de San Simón. Sabedes a típica clase que poñen de exemplo ás demais clases sobre como **NON** comportarse? Pois esa é a miña clase. É chegar ás nove da mañá e comezan a canalizar a súa enerxía do día en buscar o mellor chiste que faga rir a todo o mundo. Ás veces, é increíble as parvadas que poden sacar dunha simple palabra. E logo, créase coma unha minicompetición para ver quen di a tontería máis grande. Para que enganarnos, de cando en vez é esgotador ter que escoitalos a diario, pero a verdade é que son do mellor que hai.

Se admito que son un pouquiño infantís, tamén teño que recoñecer que son uns compañeiros estupendos. Chegar á clase e que sempre estean rindo, pois pon contenta a calquera. E pidas o que pidas (deberes, típex, bolis...) hai todas as veces un feixe de compañeiros que non dubidan e que chos prestan e te axudan.



E así é a miña clase: infantís, folgazáns, risoños, bos compañeiros e mellores persoas. Aínda que nos rifen todo o tempo, non os cambiaría por nada.

Alba López

Todos os venres teño que ir á escola.

Chego moi cedo e teño que agardar fóra cos demais rapaces, iso non me gusta porque cando chove moito mollámonos e se vai frío entramos na clase vermellos coma un pemento.

Á primeira hora toca clase de bioloxía polo que teño que prepararme para copiar a biblia e en caso de exame, escribila.

Na segunda hora teño galego polo que paso o tempo na clase coma se fora un reo, sabendo que por moitos exercicios que faga terei deberes.

Imos pola terceira e toca sociais, agora pásoo ben pola facilidade da materia e o pouco traballo.



Despois recreo e á volta ximnasia; despois de educación física, matemáticas: copiando toda a clase e levando máis deberes que a suma de todas as súas operacións xuntas.

Para rematar o día temos que aguantar a titora que nos grita e nos manda fichas nun tempo que se podería aproveitar para facer o bocoi de deberes de galego e matemáticas que temos.

Alejandro Darroza

OS MAIOS


Tense por costume celebrar a festa dos [Maíos](#) o día primeiro do mes de maio. A orixe desta festa remóntase á prehistoria. Desde esa época os humanos sentiron a



necesidade de agradecerlle a esa “forza descoñecida” o milagre de que os campos botasen flores, o sol quentase con forza e así gando e colleitas desen bos froitos. Esta celebración foi mudando co paso dos séculos e, quizais, o cambio máis radical se dese coa implantación do cristianismo: deixou de ser unha festa pagá e converteuse nunha celebración

relixiosa, na maioría das veces baixo a advocación dalgunha virxe.

Aproveitábase esta festa para facer diversas peticións: a rapazada pedía cartos ou lambonadas para degustar xuntos e os maiores pedíanlles ás autoridades algúns amaños que mellorasen a calidade de vida. Por isto o poder non viu ben estas celebracións, que nalgúns casos e alegando que iso de ir polos montes e prados recollendo flores para adornarse era un foco de sensualidade e perdición, chegaron a ser prohibidas. Na recuperación que se está a facer desta festa na actualidade, está moi presente este carácter reivindicativo e de crítica ás autoridades desde as coplas que se compoñen para ser cantadas arredor do maio.



Na construción do maio débense empregar materias naturais. Madeira, fiúncho, pampillos, pólas de abeleira, rosas... todo ben colocado e pegado con pataca cocida.

Comézase días antes recollendo as flores e o fiúncho que servirá de recubrimento.

Faise unha base de madeira na que se deixan uns ocos para despois poder introducir



por eles as andas que permitan o seu traslado (foto 1). Sobre esta base asegúrase a estrutura. Esta pode ter formas variadas como de cruz, de cono, reproducir calquera construción tradicional ou o que os artistas deseñen.

Sobre a estrutura colócase unha rede para facilitar a colocación sobre ela dos

elementos ornamentais e florais.

A seguir pódese ao corte do fiúncho en mandas iguais para ilas colocando sobre a rede (foto 2).

Unha vez cortado e igualado este recubrimento verde vaise cosendo sobre a rede (foto 3). Ten que quedar toda a estrutura recuberta e ben igualada, sen zonas pouco



poboadas ou con regañas (foto 4).

Ao tempo que se vai facendo a decoración vanse pensando as coplas que se van interpretar, sempre reivindicativas e facendo alusión aos acontecementos máis chocantes da contorna, a sátira está asegurada! Para estas coplas búscanse patrocinadores que contribúen á súa edición e posteriormente véndense ao que non gardan moito as normas



público asistente (débase ter en conta morfolóxicas e ortográficas)

O primeiro de maio sácase do lugar de construción e traládase ao lugar do concurso (foto 5), véndense as coplas (foto 6), interprétanse as coplas bailando arredor do maio e... a agardar polo premio (foto 7).

A seguir reproducimos unha das coplas.



OS TRADICIONAIS

Aquí vimos uns amigos
dispostos a cantar
as verdades como puños
que outros prefiren tapar.

Si eres de Redondela
tes cursos de formacion
para entrar a traballar
na antiga Peguform.

É así como che conto
non te poñas moi contento
15 dias de traballo
sin cobran un solo euro.

Con isto da crise
non hay cristo que resista
que ata os municipais
se meteron a taxista.

Non sei se traballan muito
ou se non traballan nada
pero o coche pola noite
sempre o teñen na parada.

Moita pista de padel
moito novo pavillón
ían facer a de diós
e eu non vexo nin un collón

Con todo o que choveu
durante todo este inverno
xa pode vir un verán
que nos dexa moi contentos

O desprezo do balonmán
xa me empeza a preocupar
pois so se fala del
cando Iñaki vai para Catar

Os nosos municipais
so se saben gabar
a eles mesmos bailando
en hora de traballar

Redondela Redondela
quen te viu e quen te ve
vinte anos co PSOE
e agora eres do PP

Un pouquiño de diñeiro
xa podía destinar
a ponte do scalextri
para que non volva inundar

Benedicto o deixou
porque estaba estresado
de tanto contar os cartos
rematou rebentado

O de ir a piscina
volveuse para ricos
porque clavan unha pasta
por ir darte uns bañitos

No noso viaducto
ían facer un paseo
ata que non o vexa
eu iso non mo creo

BIODIVERSIDADE AOS TEUS PÉS: O PATRIMONIO NATURAL DE REDONDELA



Trabalho de Sara Hermelo, Luis Prada e Rodrigo Rafael (2ºA)

No segundo trimestre, na clase de ciencias naturais, dedicámonos a descubrir a biodiversidade de Redondela, a que podemos atopar na nosa mini-marisma, nos nosos ríos, montes, praias, ...

Estivemos facendo fichas, traballos individuais e traballos en grupos, nos que cada un se encargaba dunha parte da nosa contorna.

Tivemos que repartir as tarefas: buscar información sobre un ecosistema en concreto, acudir ao lugar para ver realmente como era e o que había, facer fotos, recoller mostras, ... e con todo iso elaborar o traballo.

Descubrimos moitas cousas que, ata ese momento, descoñeciamos, pois un dos obxectivos deste proxecto era observar a beleza da natureza e a cantidade de seres vivos que temos ó noso arredor.



Trabalho de Mateo Orge e Adrián Pérez (2ºC)



O traballo de Yahaira Álvarez e Yaiza Borrega (2ºB) tivo a máxima puntuación.

No noso caso, tocounos coñecer de preto o río Pexegueiro; para iso tivemos que percorrer parte das súas beiras e a desembocadura, onde atopamos gran variedade de flora e fauna.

Con algunhas mostras da vexetación que hai polas beiras do río fixemos un pequeno herbario acompañado de fotografías feitas por nós mesmas.

VISITA Á GRANXA "O KIRIKO"

No mes de xaneiro, os alumnos e alumnas de 1º fomos de visita á Granxa "O Kiriko" en Fornelos de Montes.

O peor foi o tempo: ía algo de frío e choveunos; pero aínda así poidemos facer moitas cousas dentro das instalacións.



Fixemos moitas actividades relacionadas coa natureza e xogos moi divertidos e tamén vimos animais moi graciosos.

Comemos macarróns con carne picada; as cociñeiras fixérono moi rico.



Non hai quen vos entenda!!



Comemos alí: macarróns e croquetas, ... non estaban moi bos. Algúns comemos case só pan.

Pola tarde fomos ver os animais da granxa: un dos máis bonitos era o mapache. E logo ata bailamos o "gagnamstyle".



Tolearon!!



Aquí estamos todos, aínda que algúns tapados ... ou escondidos.

AS MÁMOAS DE MONTE PENIDE: O PATRIMONIO CULTURAL DE REDONDELA

No terceiro trimestre, as clases de 2ºA, 2ºB e 2ºC fixemos unha saída ao Monte Penide, grazas á organización do Servizo de Normalización do Concello de Redondela. Este é un monte que está moi perto de nós, pero que moitos non o coñecemos. Está cerca de Caveiro e ten un dos conxuntos de mámoas (tumbas milenarias) máis grandes dos que se coñecen en Europa.



O elemento máis coñecido deste lugar é a Mámoa do Rei, xa que é a única mámoa que está escavada e á vista, aínda que lle faltan algunhas partes da cuberta, que foron expoliadas. Unha pena!



Ademais dos profes do instituto, acompañounos un arqueólogo chamado Xurxo Constenla, que nos guiou, ensinounos un montón de cousas e deunos unha morea de explicacións.



Había montóns de túmulos, que son pequenos montículos que cobren as mámoas.

Tamén vimos petróglifos e explicounos que non se debía andar por enriba deles ... E menos con motos!!, que os hai.

De lonxe, vimos o Castro de Negros, pero non puidemos ir porque non nos daba tempo. Trataremos de convencer os profes para ir o curso que vén.



O DÍA DE BIEITO



- Déixame durmir un pouquiño máis! - Dixen, dende a cama pola mañá cedo.

- O almorzo xa está listo, axiña ou chegarás tarde.- Dixo Amalia, a miña nai, que estaba moi preocupada.

Levanteime da cama e baixei á cociña a almorzar, despois vestinme, collín todo o que necesitaba e funme para o instituto un pouco cedo, xa que non quería chegar tarde o meu primeiro día de clase.

Cando cheguei ao instituto, o director ensinounos a min e a todos os alumnos de primeiro da ESO as instalacións, despois distribuíronnos por clases e presentáronnos á que ía ser a nosa titora.

Ao chegar á nosa aula, presentámonos un por un e tíñamos que describirnos a nós mesmos e dicir o que fixéramos durante as vacacións.

- Ola, eu son Bieito e teño 12 anos. Gústame a xeografía e viaxar a moitos países. Este verán fun visitar a miña avoa materna que vive en Carballo e tamén viaxei a Viena que é onde vive o meu avó paterno.

Cando terminei de falar, todos estaban quedos e moi calados como se nunca escoitasen falar de Carballo ou de Viena. Foi un pouco estraño.

En xeral en todas as clases sucedía algo para que os meus compañeiros me visen raro. Os mestres tratábanme coma un neno pequeno, e non se daban conta de que xa tiña 12 anos, pero non todos, algúns eran moi simpáticos,.



A miña titora obrigoume a sentar diante porque dicía que así eu estaría máis atento e ela podería estar máis pendente de min; non sei exactamente a que se refería, mentres que os demais estaban sentados como querían, eu... E aínda por riba estaba ao lado dun neno chamado Xoán que facía cousas raras.

O meu primeiro día, de momento, non me estaba gustando para nada. Estivemos a maior parte das horas facendo uns xogos estúpidos de presentación. E en todas as clases os mestres repetían catrocentas veces os libros que tiñamos que mercar.

Cada vez que me presentaba, odiábao máis porque todos os profesores se quedaban con cara de preocupación, eu creo que o meu nome non é tan difícil de pronunciar, non se tiñan porque preocupar como se estivesen “asustados” de verme na clase, como unha carga.

Na hora do recreo aínda non fixera ningún amigo, así que estiven eu só durante toda a media hora, vin como xogaban ao fútbol os meus compañeiros e comín o bocadillo que me mandara miña nai, hoxe non me gustou nada o recreo así que espero que o próximo día sexa mellor ca este.

Eu só estaba pensando en por que non miraban os meus compañeiros que tamén eran novos coma min. Eu cría entendelos por momentos, pero ás veces era difícil de comprender como algo tan pequeno podía afectar tanto e como podía cambiar as cousas. Nunca me sentira tan apartado dunha clase... Nos outros colexios era distinto, porque ao estar sempre cos mesmos compañeiros eles xa estaban afeitos a como era e a como son, pero aquí non era igual.

As horas seguintes ao recreo fixéronse eternas e máis pesadas aínda. Esperaba irme para a miña casa cedo e xantar dunha maldita vez, non podía soportalo máis.

Sempre esperei que a xente non me xulgara por como son á primeira vista, esperaba



que me xulgaran cando xa me coñeceran ben co paso do tempo.

Á última hora parecía que os meus compañeiros xa non estaban tan afastados de min. Comecei a falar cun neno moi simpático que se sentaba detrás de min, chamábase Xosé

Luís e a el tamén lle gustaba a xeografía coma a min.

O meu primeiro día no instituto foi un pouco estraño, seguramente sería porque teño un cromosoma máis.

Alba González

VISITA DE 4º ÁS SALINAS DE VILABOA

O venres 10 de maio , os alumnos/as de 4º , visitamos as salinas de Vilaboa, Pontevedra . Fomos acompañados polas profesoras: Alicia de Bioloxía e Begoña de Física e Química .



Estas salinas comezaron a explotarse polos Xesuítas de Pontevedra en 1694 e alcanzaron gran importancia nesa época. Os Xesuítas son unha orde relixiosa católica fundada por Ignacio de Loyola que centra a súa misión no servizo da fe e na promoción da xustiza.

Detrás do estanque no que se retiña a auga do mar para obter sal, está a enseada de San Simón, apenas unha braña (humedal) coa marea baixa. A salina está pechada por espesos muros, cunhas cantas aberturas con comportas que

impedían a saída da auga. Cando sobe a marea, a auga vai enchendo a piscina. Almacenábase a auga que se deixaba evaporar para que formase capas de sal ata que tivese suficiente espesor para ser recollida. Para extraer mellor o sal , crese que o chan da salina estaba tapizado de pedra .

Neste mesmo lugar, construíuse un dos poucos muíños de marea existentes en Galicia, cun funcionamento que se baseaba en aproveitar o movemento das correntes do fondo da ría para xerar enerxía hidráulica.

O Concello de Vilaboa proxecta a rexeneración e estudo da restauración dos fondos das Salinas de Ulló na Enseada de San Simón, dentro da zona de especial protección dos valores naturais e declarado Lugar de Importancia Comunitaria.

Ar redor das salinas creouse un paseo cun mirador para gozar da contorna . Realizamos a visita guiados por un monitor que estuda a zona e que nos explicou a importancia de coidar o medio ambiente. Falounos da fábrica da Pontesa e dunha conserveira do lugar que , verte no mar produtos químicos prexudiciais para os organismos deste hábitat.

As salinas e marisma de Vilaboa forman parte dunha zona intermareal e constitúen un entorno de incalculable valor ecolóxico e de gran beleza paisaxística. Neste hábitat podemos distinguir tres hábitats mais pequenos : o bosque de ribeira , a marisma e a salina , que son diferentes entre eles, pero comparten un mesmo espazo. Aquí conviven distintas especies : peixes , moluscos , aves , algas , árbores ... Dentro das aves destaca unha moi curiosa chamada zarapito, que se caracteriza por ter un peteiro curvo e longo para coller os vermes dos que se alimenta.

Rematamos a visita contemplando o bosque de ribeira e a marisma que están a carón das salinas. Foi una saída moi amena e produtiva na que aprendemos a ler a paisaxe da nosa contorna .

Valentina Martínez e Eva Taibo 4ºB



150 anos de *Cantares gallegos*

Santiago, 17 de maio de 1863. Así di o pé da dedicatoria do libro *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro. Este libro, que marca o inicio do Rexurdimento da literatura



galega por ser o primeiro escrito integramente na nosa lingua, saíu á luz na viguesa rúa Real, na imprenta de Juan Compañel. Rosalía cría ser a primeira en usar a lingua galega nunha obra extensa xa que, nesa época, era descoñecida a existencia da literatura medieval galego-portuguesa. Este sentimento

de ser a pioneira no uso da lingua galega como canle de expresión literaria non a asusta, moi ao contrario, reafirmaa na necesidade da defensa da nosa lingua, laiándose da súa situación e pedindo desculpas polas posibles incorreccións que puidese cometer. Cabe lembrar que nesta época a ausencia de gramáticas e dicionarios que fixasen unha norma, levaba a que cada escritor botase man da lingua da súa zona xeográfica.

Esta obra, considerada como definitivo punto e final aos Séculos Escuros, mostra o desexo da autora de cantar as belezas e os costumes dun pobo que o resto de España ten por ignorante e estúpido, facendo visible o erro e a inxustiza que se comete con Galicia ao marxinala dos esquivos avances do resto dos pobos que configuran o Estado Español. Mais este desexo de cantar as inxustizas faise desde a perspectiva dunha moza e ela deixa ben claro desde o comezo a súa admiración polas mulleres que sofren (a dedicatoria é a Fernán Caballero, por ser muller e escritora) discriminación social, cultural e económica.

Agora que celebramos o 150 aniversario desta publicación a súa mensaxe segue sendo actual e o seu feminismo máis necesario ca nunca. Deámoslle un ***Viva Rosalía!***



CONCERTO DIDÁCTICO CON ROI CASAL

Organizado polo Servizo de Normalización do concello de Redondela o alumnado de 2º e 4º asistiu a un concerto didáctico de Roi Casal. Este músico de



Catoira comezou como arpista en Milladoiro cando tiña dezanove anos, pero ao ter plans diferentes, separouse deles xa que lle apetecía explorar outros camiños musicais. Agora ten un grupo que leva os eu propio nome e aquí, neste concerto, estivo acompañado polo voz de Silvia Ferre.

Interpretou a súa música con dous instrumentos (sinalou

que se tivese o seu grupo completo quedaría máis redondo), a arpa e o bouzouki, ademais da voz de Silvia. Entre canción e canción foi explicando a procedencia e singularidades da arpa. Tocante ao bouzouki, é un instrumento proveniente da India, mais hoxe está considerado como un dos instrumentos tradicionais de Irlanda.

A súa música é antiga, pero actualizada coa música pop, un dicir coma no século XIX pero agora.

Agardamos o seu concerto, que terá lugar o 11 de agosto, para velo co seu grupo ao completo.



Non todo vai ser estudar, tamén bailamos un HARLEM SHAKE





PLÁSTICA

Preséntovos unha pequena mostra dos últimos traballos realizados polas alumnas de 4º (Carla, Laura, Mónica, Eva, Valentina, África e Jimena) na clase de educación Plástica e Visual.

As obras seleccionadas están feitas con técnica mixta, a partir de fotografías realizadas por elas mesmas no paseo da Portela, nun elaborado proceso de construción.

A todas elas , grazas pola súa dedicación, e por seguir sorprendéndome coa súa creatividade, que unha vez mais sobrepasa as miñas expectativas.

Mónica G. M.





